



## PROCEDEMENTO

Aprobación do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Caza. Proceso electoral 2022-2025.

## ANTECEDENTES

**Primeiro.** A Federación Galega de Caza aprobou na súa Asemblea Xeral Extraordinaria do 20 de maio de 2022 o regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral, á Presidencia e á Comisión Delegada da federación e o calendario electoral estimado do proceso electoral 2022-2025. A Asemblea Xeral delegou na Presidencia a facultade de realizar as modificacións que indique, no seu caso, a Secretaría Xeral para o Deporte.

**Segundo.** O 23 de maio de 2022 a Federación Galega de Caza remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o devandito regulamento electoral xunto coa acta da asemblea e unha proposta de calendario electoral na que se indican as datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral.

**Terceiro.** O 13 de xuño de 2022 o subdirector xeral de plans e programas da Secretaria Xeral para o Deporte devolve á Federación Galega de Caza o texto do regulamento electoral e do calendario electoral para a súa emenda, concedéndolle un prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde a recepción da súa notificación, para a súa nova remisión e aprobación definitiva

**Cuarto.** O 22 de xuño de 2022 a Presidencia da Federación Galega de Caza aproba o novo regulamento electoral e o calendario electoral incorporando as emendas formuladas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

**Quinto:** O 22 de xuño de 2022 a Federación Galega de Caza remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o regulamento electoral e o calendario electoral corrixido pola Presidencia da federación.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Segundo o disposto no artigo 17.3 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións





deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro: "A Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no prazo máximo dun mes, desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para a emenda daquelas normas do regulamento que non se axusten ao disposto no presente decreto. Neste último suposto, indicaranse estas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución entenderase aprobado o regulamento".

2. O artigo 17.4. de dito Decreto establece que realizadas as modificacións, o novo regulamento remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.

3. A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, este Secretario Xeral

**Resolve:** Aprobar o regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Caza e o calendario electoral, aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 20 de maio de 2022 e emendado pola Presidencia da Federación na súa reunión do 22 de xuño de 2022.

En ningún caso poderase impugnar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva o contido do regulamento.

A convocatoria das eleccións, xunto coa documentación do artigo 15.4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, se comunicará á Secretaría Xeral para o Deporte xunto coa certificación do/a secretario/a da Federación Galega de Caza, no prazo de dous días hábiles desde a súa publicación.

Lembráselle que durante todo o proceso electoral debe estar a documentación na paxina web da federación na sección "eleccións 2022" na que deberá figurar tamén as actas da xunta electoral e cantos documentos electorais aprobe a Comisión Xestora.





A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,  
O secretario xeral para o Deporte.  
José Ramón Lete Lasa.





**Federación Galega de Caza**  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)



---

*Regulamento electoral*  
*Eleccións á asemblea xeral,*  
*presidencia e comisión delegada*

---





Federación Galega  
de Caza

XUNTA  
DE GALICIA

DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



## INDICE

<b>CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS</b>	<b>3</b>
Artigo 1. Obxecto da normativa	3
Artigo 2. Celebración de eleccións	3
Artigo 3. Regulamento electoral	3
<b>CAPÍTULO II. CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS Á ASEMBLEA, PRESIDENCIA E COMISIÓN DELEGADA</b>	<b>4-5</b>
Artigo 4. Convocatoria	4
Artigo 5. Calendario electoral	5
Artigo 6. Circunscricións electorais	5
Artigo 7. Campaña electoral	5
Artigo 8. Sobres e papeletas	5
<b>CAPÍTULO III. CENSOS ELECTORAIS</b>	<b>5-7</b>
Artigo 9. Censo electoral	5-7
<b>CAPÍTULO IV. ÓRGANOS ELECTORAIS</b>	<b>7-12</b>
Artigo 10. Comisión xestora	7-8
Artigo 11. Xunta electoral	8-9
Artigo 12. Mesas electorais	9-11
Artigo 13. Persoas interventoras	11-12
<b>CAPÍTULO V. PERSOAS ELECTORAS E ELIXIBLES</b>	<b>12-13</b>
Artigo 14. Electoras e elixibles á asemblea xeral	12
Artigo 15. Electoral e elixibles á presidencia e á comisión delegada	12-13
<b>CAPÍTULO VI. ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL</b>	<b>13-19</b>
Artigo 16. Proporcionalidade na composición da asemblea	13-14
Artigo 17. Composición da asemblea	14
Artigo 18. Persoas candidatas á asemblea	14-15
Artigo 19. Sistema de elección da asemblea xeral.	15-16
Artigo 20. Voto por correo	16-19
Artigo 21. Proclamación das persoas membros da asemblea	19
Artigo 22. Constitución da asemblea xeral	19
<b>CAPÍTULO VII. ELECCIÓNS Á PRESIDENCIA E Á COMISIÓN DELEGADA</b>	<b>19-22</b>
Artigo 23. Persoas candidatas á presidencia	19-20
Artigo 24. Persoas candidatas á comisión delegada	20-21
Artigo 25. Elección da presidencia	21-22
Artigo 26. Elección da comisión delegada	22
<b>CAPÍTULO VIII. XORNADA ELECTORAL</b>	<b>23-25</b>
Artigo 27. Constitución das mesas electorais	23
Artigo 28. Votacións	23-24
Artigo 29. Escrutinio	24-25
Artigo 30. Documentación electoral	25
<b>CAPÍTULO IX. MOCIÓN DE CENSURA</b>	<b>25-26</b>
Artigo 31. Moción de censura	25-26
<b>CAPÍTULO X. RÉXIME DE RECLAMACIÓN E RECURSOS</b>	<b>26-28</b>
Artigo 32. Reclamacións ante a xunta electoral	26-27
Artigo 33. Recursos ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva	27-28
Artigo 34. Interposición de recursos	28
Artigo 35. Tramitación de recursos	28
Disposición final	28
<b>ANEXO I. Modelo de sobres e papeletas. Sobre para remisión do voto por correo</b>	<b>29-32</b>
<b>ANEXO II. Formulario de solicitude do voto por correo</b>	<b>33</b>
<b>ANEXO III. Sedes electorais e horarios</b>	<b>34</b>



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



## **Regulamento electoral da Federación Galega de Caza (FGC)**

# **REGULAMENTO ELECTORAL PARA A ELECCIÓN DAS PERSOAS MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENCIA E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA (FGC)**



## **CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS**

### **Artigo 1. Obxecto da normativa.**

O presente regulamento electoral ten por obxecto regular o proceso de elección dos órganos de goberno da FGC: asemblea xeral, presidencia e comisión delegada, con representatividade durante o período 2022 a 2026.

### **Artigo 2. Celebración de eleccións.**

A FGC procederá á elección da súa asemblea xeral, presidencia e comisión delegada no ano 2022. O calendario electoral será o indicado no anexo á convocatoria das eleccións. Os modelos de sobres e papeletas serán os establecidos no *Anexo I* deste regulamento.

O horario de apertura ao público, durante o proceso electoral, é o establecido no *Anexo III* do presente regulamento, en función das respectivas sedes federativas.

### **Artigo 3. Regulamento electoral.**

Este regulamento electoral é o conxunto de normas que regula a celebración do proceso electoral da FGC.

O regulamento electoral será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte, xunto co calendario electoral, no prazo de *dous días hábiles* trala súa aprobación pola asemblea xeral. A Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no prazo *máximo dun mes*, contado desde a data de entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para emendas. No caso de ser necesaria a subsanación de emendas, indicaranse as mesmas e concederáse a FGC un prazo de *10 días hábiles* para proceder á súa corrección. Unha vez feitas estas, o novo regulamento presentarase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa ratificación definitiva, que resolverá no prazo de *cinco días hábiles*.

Transcorrido un mes, se non se recibe ningunha resolución da Secretaría Xeral para o Deporte entenderase aprobado o regulamento.

Unha vez aprobado o regulamento pola Secretaría Xeral para o Deporte, esgotarase a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

O regulamento electoral, publicarase no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións, así como na páxina web na sección de *procesos electorais*.





## CAPÍTULO II CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL, PRESIDENCIA E COMISIÓN DELEGADA

### **Artigo 4. Convocatoria.**

1. A convocatoria de eleccións á asemblea xeral, presidencia e comisión delegada, será realizada pola persoa que ostente a presidencia da FGC, de acordo co previsto no presente regulamento electoral aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.
2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, constituíndose unha comisión xestora que non poderá realizar máis que actos de mera administración e trámite.
3. A convocatoria de eleccións comunicarse á Secretaría Xeral para o Deporte e publicarse no taboleiro de anuncios da sede da FGC e das delegacións provinciais, así como na páxina web na sección de *procesos electorais*.

A convocatoria de eleccións conterá cantos datos e documentos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:

- O regulamento electoral.
  - O calendario electoral, con expresión das datas dos diferentes actos do proceso electoral, así como as datas, horarios e lugar das votacións.
  - A distribución do número de persoas que integran a asemblea xeral, por estamentos e circunscricións electorais.
  - O censo electoral provisional.
  - Os modelos oficiais de sobres e papeletas.
  - O procedemento e os prazos para o exercicio do voto por correo.
  - A forma de remisión da documentación á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte.
  - A composición nominal da comisión xestora.
  - A composición nominal e a sede da xunta electoral, con indicación do seu enderezo postal e electrónico, así como o prazo para a súa recusación que será ata o día *sete hábil* á publicación da convocatoria.
4. A convocatoria será obxecto da máxima publicidade e difusión posibles, a estes efectos a FGC utilizará todos os seus medios electrónicos e informáticos, en particular os taboleiros de anuncios da FGC e das súas delegacións así como a páxina web e a sección de *procesos electorais*.  
A publicación da convocatoria será avalada mediante certificación expedida pola persoa que ocupe a secretaría da FGC, e será exposta xunto coa documentación anterior, e remitida á Secretaría Xeral para o Deporte.
  5. O acto da convocatoria poderá ser recorrido ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva nun prazo de *tres días hábiles desde a data da súa publicación, de acordo coa certificación anterior*.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



GALICIA  
SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



#### **Artigo 5. Calendario electoral.**

1. O calendario electoral publicarase como anexo á convocatoria do proceso electoral. Nel constarán os diferentes actos electorais así como as datas que rexen os mesmos, establecidas de acordo cos prazos sinalados neste regulamento.
2. Os prazos do calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, entenderanse días hábiles e expirarán o derradeiro día de prazo nas franxas horarias establecidas no *Anexo III* deste regulamento, para as distintas sedes electorais. Se o día final do prazo coincide con día inhábil de carácter autonómico ou estatal, ou cun día no que non estean abertas as dependencias da FGC en aplicación do convenio colectivo das persoas traballadoras de entidade, entenderase que remata ao día hábil seguinte.

#### **Artigo 6. Circunscricións electorais.**

As circunscricións electorais para elixir ás persoas representantes das entidades deportivas, deportistas, xuíces e árbitros e outros colectivos (xuventudes) será provincial.

#### **Artigo 7. Campaña electoral.**

1. Enténdese por campaña electoral o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polas persoas candidatas encamiñadas á captación de sufraxios.
2. A campaña electoral iniciarase ás 00:00 horas do *día posterior* á proclamación definitiva de candidaturas e rematará ás 00:00 horas do *día inmediatamente anterior* á data fixada para a votación. Desde este momento non se poderá realizar propaganda algunha en favor de ningunha candidatura.

#### **Artigo 8. Papeletas e sobres.**

1. As papeletas das candidaturas e os sobres de votación serán facilitados, en número suficiente, pola xunta electoral ás mesas electorais correspondentes.
2. As papeletas confeccionaranse en cores diferentes e, de ser o caso, por estamentos, conforme ao modelo do *Anexo I* deste regulamento.

### **CAPÍTULO III** **CENSOS ELECTORAIS**

#### **Artigo 9. Censo electoral.**

1. O censo electoral, ordenado alfabeticamente, incluirá en listas diferentes divididas por estamentos e circunscricións electorais ás persoas deportistas, xuíces/árbitros, outros colectivos (xuventudes) e entidades deportivas que reúnan os requisitos para ser electoras conforme ao establecido neste regulamento.
2. No censo electoral incluíranse os seguintes datos:
  - a) Para as persoas deportistas, xuíces/árbitros e outros colectivos (xuventudes): apelidos, nome, sexo, enderezo, número de licenza federativa da FGC, os catro últimos díxitos do número de DNI (pasaporte ou autorización de residencia), entidade deportiva á pertencen e consideración de deportistas de alto nivel. O enderezo reflectido para o estamento de deportistas, xuíces/árbitros e outros colectivos (xuventudes) será o da entidade deportiva da súa licenza federativa ou o que a estes efectos indiquen expresamente á FGC durante o prazo de reclamación ao censo.





Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



- b) Para as entidades deportivas: nome, denominación social, enderezo e número de inscrición no rexistro de entidades deportivas de Galicia así como identificación e sexo da persoa representante legal que exercerá o dereito a voto. Figurará como representante a persoa que ostenta a presidencia da entidade deportiva agás que esta representación recaia noutra persoa da xunta directiva, que deberá acreditarse mediante certificado expedido polo rexistro de entidades deportivas de Galicia.
3. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección prevista na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril de 2016. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polas persoas electoras do seu dereito de sufraxio, e garantir a transparencia do proceso electoral, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta daquela así como calquera información particularizada sobre os datos persoais contidos no censo electoral.
4. Elaboraranse tres censos electorais:
- a) **CENSO INICIAL.**
  - b) **CENSO PROVISIONAL.**
  - c) **CENSO DEFINITIVO.**

**a) Censo inicial.**

A FGC elaborará nos dous primeiros meses do ano electoral un censo inicial por cada estamento: entidades deportivas, deportistas, xuíces/árbitros e outros colectivos (xuventudes).

Será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións así como na páxina web na sección de *procesos electorais*, durante *14 días hábiles*, para posibles reclamacións ao mesmo durante dito prazo, mediante escrito remitido á xunta directiva, que resolverá, no seu caso, no prazo máximo de *cinco días hábiles*.

No prazo anterior, as entidades deportivas poderán solicitar que figure como representante delas no censo e como votante nas eleccións á asemblea xeral, unha persoa distinta á presidencia sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición que deberán acreditarse mediante certificado expedido polo rexistro de entidades deportivas de Galicia.

Rematados os prazos anteriores, remitirase o censo electoral inicial xunto coas reclamacións á Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo de *10 días hábiles*, en soporte informático apto para tratamento de textos e datos.

A Secretaría Xeral para o Deporte, recibida a documentación comprobará que as entidades deportivas figuren inscritas no rexistro de entidades deportivas de Galicia. No caso de non figurar inscritas emitirá un certificado facendo constar esta circunstancia no prazo máximo de *10 días hábiles*.

**b) Censo provisional.**

A xunta directiva, á vista do certificado da Secretaría Xeral para o Deporte, dará de baixa no censo inicial ás entidades deportivas non inscritas no rexistro de entidades deportivas de Galicia, formulando o censo electoral provisional.

O censo electoral provisional publicarase simultaneamente coa convocatoria electoral, será remitido pola secretaría da FGC á xunta electoral no prazo máximo de *catro días*



*hábiles* desde a convocatoria, e será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da federación e das súas delegacións así como na páxina web da federación na sección de *procesos electorais*, por un prazo de *10 días hábiles*, dentro do cal poderanse presentar as reclamacións que se consideren oportunas ante a xunta electoral.

Rematado o prazo de exposición pública, a xunta electoral resolverá as reclamacións no prazo de *cinco días hábiles*. Transcorrido ese prazo sen resolución expresa, entenderase desestimada a reclamación formulada.

Contra a resolución da xunta electoral sobre as reclamacións ao censo electoral provisional, poderá interpoñerse, no prazo máximo de *tres días hábiles* a contar desde a recepción da notificación da resolución, ou transcorrido o prazo máximo para resolver, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver nun prazo de *cinco días hábiles*.

### **c) Censo definitivo.**

Resoltas as impugnacións, de ser o caso, contra o censo electoral provisional, a xunta electoral elevarao a definitivo no *día seguinte hábil*, publicarao no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións así como na páxina web na sección de *procesos electorais*, onde permanecerá exposto ata o día das votacións xerais, e remitirao á Secretaría Xeral para o Deporte.

Correspóndelle á xunta electoral aprobar a modificación da distribución inicial do número de persoas asembleístas asignado a cada estamento e circunscrición electoral, no caso de que a variación do censo electoral provisional afectase a dita distribución. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de *tres días hábiles*, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que deberá resolver no prazo de *cinco días hábiles*.

## **CAPÍTULO IV** **ÓRGANOS ELECTORAIS**

### **Artigo 10. Comisión xestora. Composición, duración e funcións.**

1. Unha vez convocadas as eleccións, a xunta directiva da FGC entenderase disolta, asumindo as súas funcións unha comisión xestora.
2. A presidencia da comisión xestora corresponderá á persoa que presida a FGC ou, no caso de cesar nesta condición por finalizar o seu mandato, por renuncia ou por presentar candidatura á asemblea ou á presidencia da FGC, a quen sexa elixida para tal función por e entre as persoas que integren a comisión xestora.
3. A comisión xestora estará formada por oito (8) persoas membros maila presidencia, correspondendo á comisión delegada elixir catro (e as seus suplentes) que deberán representar, por esta orde, aos estamentos de entidades deportivas, deportistas, xuíces e árbitros e outros colectivos (xuventudes).

A xunta directiva elixirá ás outras catro persoas, entre as que estarán incluídas as que desempeñen os cargos de secretaría e tesouraría (e as súas suplentes).

4. As persoas que presenten a súa candidatura para formar parte dos órganos de goberno e representación da FGC non poderán ser membros da comisión xestora, debendo cesar nesta condición ao presentar a candidatura en cuestión.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



GALICIA  
SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



5. A comisión xestora entenderase extinguida unha vez que tomen posesión todas as persoas membros dos órganos de goberno da FGC.
6. A comisión xestora será o órgano encargado de administrar e xestionar a FGC durante o proceso electoral, non poderán realizar actos que directa ou indirectamente, mediata ou inmediatamente, induzan ou condicionen o sentido do voto dos electores, e deberán observar os principios de obxectividade, transparencia do proceso electoral e igualdade entre os actores electorais. Estas accións serán aplicables á actividade desenvolvida polo persoal da FGC e polos restantes órganos federativos durante o proceso electoral.
7. Se por circunstancias ou incidencias xurdidas durante o proceso electoral a finalización do mesmo se demorase en exceso, dificultando, comprometendo ou poñendo en risco o desenvolvemento ordinario da actividade deportiva da FGC, a comisión xestora, coa supervisión e autorización da Secretaria Xeral para o Deporte, poderá adoptar as medidas imprescindibles para evitar a dita situación.

#### **Artigo 11. Xunta electoral. Composición, duración e funcións.**

1. Constituirase unha única xunta electoral que será o órgano encargado e de control das eleccións. Deberá resolver en primeira instancia as reclamacións que se presenten contra toda decisión adoptada no proceso electoral, agás a convocatoria das eleccións e a adopción do acordo polo que se aproba o regulamento electoral que unicamente poderá ser obxecto de recurso directamente ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
2. A xunta electoral estará integrada por tres persoas titulares e tres suplentes, que serán elixidas e designadas pola asemblea xeral na mesma sesión na que se aprobe o regulamento electoral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberán presentarse na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar as persoas candidatas presentes na mesma. De non presentarse ningunha candidatura, serán designadas pola comisión delegada no prazo de *tres días hábiles* dende a celebración da asemblea.
3. As súas reunións celebraranse na sede federativa, ou por medios telemáticos, cantas veces sexa necesario e ás súas decisións publicaranse no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións, así como na páxina web na sección de *procesos electorais*.
4. As persoas candidatas a membros da xunta electoral deberán reunir os seguintes requisitos:
  - a) Ser maior de 18 anos.
  - b) Ter, cando menos, o título de bacharelato superior ou equivalente.
  - c) Non formar parte dos órganos de goberno da FGC, nin da comisión xestora nin ostentar postos directivos na federación.
  - d) Non presentar candidatura a membro da asemblea xeral. No suposto de presentar candidatura a membro da asemblea xeral ou á presidencia da FGC cesará no seu posto na xunta electoral e será substituído polo suplente.
  - e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que comporte sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
  - f) Aceptar expresamente o cargo de membro da xunta electoral.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



5. Poderán ser candidatas a membros da xunta electoral as persoas que non teñan a condición de federada ou de membro da asemblea.
6. As persoas que integren a xunta electoral elixirán entre elas ás persoas que desempeñarán a presidencia e a secretaría da mesma. No seu defecto, ostentará a presidencia da xunta electoral a persoa de maior idade e a secretaria a de menor idade.
7. A xunta electoral constituirase no prazo máximo de *dous días hábiles* desde a data da convocatoria do proceso electoral.
8. Ao *día seguinte* da súa constitución, a persoa que ocupe a secretaría desta enviará á Secretaría Xeral para o Deporte a relación de persoas que constitúen a xunta electoral.
9. O mandato das persoas membros da xunta electoral será ata a convocatoria do seguinte proceso electoral, e as eventuais vacantes que se produzan serán cubertas polo mesmo procedemento e cunha duración polo tempo restante ata a convocatoria das seguintes eleccións.
10. Son funcións da xunta electoral:
  - a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
  - b) Organizar os procesos das eleccións á asemblea xeral, presidencia e comisión delegada, segundo o disposto neste regulamento electoral.
  - c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento.
  - d) Proclamar as candidaturas á asemblea xeral, presidencia e comisión delegada que reúnan os requisitos esixidos.
  - e) Garantir a exposición dos censos, candidaturas e outros documentos segundo se estableza neste regulamento electoral.
  - f) Coñecer e pronunciarse, en primeira instancia, sobre as reclamacións que se presenten en materia electoral.  
A xunta electoral está obrigada a resolver expresamente e no prazo concedido ao efecto todas as reclamacións que se formulen.
  - g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, que quedará depositada na sede electoral da FGC, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización que será cando remate o prazo para a impugnación da toma de posesión da presidencia da FGC.
  - h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.
11. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos, non sendo admisible a abstención.
12. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo ausencia xustificada.

**Artigo 12. Mesas electorais. Composición, duración, funcións e persoas interventoras.**

Para a celebración das votacións constituiranse tres tipos de mesa electoral:

- I. MESA ELECTORAL PARA A VOTACIÓN A CANDIDATURAS DA ASEMBLEA XERAL.
- II. MESA ELECTORAL DO VOTO POR CORREO PARA A VOTACIÓN A CANDIDATURAS DA ASEMBLEA.
- III. MESA ELECTORAL PARA A VOTACIÓN Á PRESIDENCIA E COMISIÓN DELEGADA.



Federación Galega  
de Caza

XUNTA  
DE GALICIA

DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



### I. Mesa electoral para a votación a candidaturas da asemblea xeral.

Constituirase unha única mesa electoral por circunscrición electoral para a elección das persoas membros da asemblea no día fixado no calendario electoral.

O horario de apertura das mesas será de 16:00 a 20:30 horas, e estarán ubicadas nos locais das sedes das delegacións provinciais da FGC en Carballo (Coruña), Lugo, Ourense e Pontevedra que se citan no *Anexo III* deste regulamento.

1. A mesa electoral de cada circunscrición electoral estará composta por tres persoas titulares (unha presidencia, unha secretaría e unha vogalía) e tres suplentes, elixidas mediante sorteo efectuado pola xunta electoral entre as persoas integrantes do censo definitivo. A presidencia e a secretaría corresponderá as persoas de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.
2. A designación das persoas titulares e suplentes da mesa electoral realizarase nos *dous días hábiles seguintes* ao da proclamación definitiva das candidaturas. As persoas propostas deberán aceptar esta designación no prazo dos *dous días hábiles seguintes*, agás causa xustificada e documentada que lles impida a aceptación do cargo.
3. Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á elección de membros da asemblea xeral.
4. Para a mesa electoral, as persoas candidatas a membros da asemblea xeral, poderán nomear persoas interventoras da súa candidatura a calquera persoa maior de idade que deberá ser identificada ante a xunta electoral cunha antelación non inferior a *tres días hábiles* do día de realización das respectivas votacións. A xunta electoral expediralle a correspondente acreditación.
5. As persoas interventoras poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme ao artigo 10 deste regulamento.
6. Son funcións da mesa electoral:
  - a) Comprobar a identidade dos votantes.
  - b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
  - c) Proceder ao recuento de votos.
  - d) Levantar acta de constitución da mesa.
  - e) Levantar acta dos votos emitidos, do resultado e de calquera outra incidencia, así como das reclamacións, se as houbera, facendo constar o número de votos obtidos por cada unha das candidaturas.
  - f) Ao *día seguinte* das votacións a secretaría da mesa remitirá á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte a documentación e actas subscritas polas persoas integrantes da mesa e polas interventoras, se os houbera.
  - g) A xunta electoral, ao *día seguinte* das votacións, publicará os resultados no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións así como na páxina web na sección de *procesos electorais*.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



GALICIA  
SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



## II. Mesa electoral de voto por correo.

A xunta electoral designará unha mesa electoral do voto por correo que adecuará o seu funcionamento e obrigas ao disposto no apartado I) deste artigo, coas seguintes peculiaridades:

1. A súa sede será a da Secretaría Xeral para o Deporte.
2. Constituirase ás 16:00 horas do *segundo día hábil* seguinte á data de celebración da votación presencial. A persoa que asuma as funcións da secretaria da xunta electoral achegará á mesa electoral o censo definitivo coa indicación das persoas que exerceron o voto presencial, que prevalecerá sobre o voto por correo, para garantir que non se computen os votos por correo que puiden emitir ditas persoas.
3. Formará parte da mesa electoral do voto por correo, como unha vogal máis da mesma, unha persoa que ostente a condición de empregada pública designada pola persoa responsable da Secretaría Xeral para o Deporte. No caso de empate nas decisións da mesa, o voto da persoa que ostente a presidencia será dirimente.

## III. Mesa electoral para a votación á presidencia e comisión delegada da FGC.

1. A mesa electoral para as eleccións da presidencia e da comisión delegada constituirase o día da votación no local e horarios establecidos no calendario electoral, e adecuará o seu funcionamento e obrigas ao disposto no apartado I) deste artigo.
2. A mesa electoral estará composta por tres persoas, unha presidencia, unha secretaria e unha vogalía, elixidas pola xunta electoral mediante sorteo entre as persoas assembleístas unha vez proclamadas as candidaturas á presidencia e á comisión delegada, no prazo establecido no calendario electoral.
3. Ostentarán a presidencia e a secretaria da mesa as persoas membros de maior e menor idade respectivamente, e ata que conclúa a elección da presidencia da FGC, exercerán as funcións da presidencia e secretaria da asemblea xeral.
4. Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á presidencia nin á comisión delegada.
5. Primeiro elixirase á presidencia e a continuación procederase á elección das persoas que correspondan da comisión delegada, entre as candidaturas de cada estamento e polos membros assembleístas de cadaún deles.

Unha vez constituídos todos os órganos reitores da FGC entenderanse disoltas as mesas electorais.

## Artigo 13. Persoas interventoras.

1. As persoas candidatas poderán nomear interventoras da súa candidatura, para a correspondente mesa electoral, a calquera persoa maior de idade que deberá ser identificada ante a xunta electoral cunha antelación non inferior a *tres días hábiles* do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente credencial ás persoas interventoras acreditadas.
2. As persoas interventoras poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar certificacións e formular protestas, sen prexuízo da lexitimación que lle corresponda para presentar recursos ante a xunta electoral e o Comité Galego de Xustiza Deportiva.



3. A Secretaria Xeral para o Deporte poderá designar, entre o seu persoal, a persoas observadoras para as mesas electorais coa función de comprobar o desenvolvemento das votacións, debendo emitir un informe do observado durante xornada de votación.

## CAPÍTULO V PERSOAS ELECTORAS E ELIXIBLES



### **Artigo 14. Persoas electoras e elixibles á asemblea xeral.**

1. Poderán ser persoas electoras e elixibles a membros da asemblea xeral:
  - a) Nos estamentos constituídos por deportistas, xuíces/árbitros e outros colectivos (xuventudes), as persoas que reúnan os seguintes requisitos:
    - 1º.- Ser maior de idade na data de celebración das votacións.
    - 2º.- Ter licenza federativa da FGC en vigor na data da convocatoria das eleccións e nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser persoa electora e elixible, constitúen requisito específico de elixibilidade nestes estamentos que se trate de persoas que non estean inhabilitadas para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución firme na vía administrativa ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitadas para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.
  - b) No estamento de entidades deportivas, aquelas sociedades de caza, clubs e outras asociacións que reúnan os seguintes requisitos:
    - 1º.- Estar inscrita desde o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao de celebración das eleccións na FGC e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
2. As persoas membros da FGC que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito dirixido á xunta electoral durante o prazo de reclamacións ao censo provisional.

Os criterios para identificar ás persoas electoras nos diferentes estamentos, no caso de non exercer a opción individual, son, por esta orde, xuíces/árbitros, outros colectivos (xuventudes) e deportistas.
3. Poderán ter a condición de elixibles aquelas persoas físicas e xurídicas que atopándose sancionadas por un procedemento disciplinario deportivo, a sanción non comporte a inhabilitación da condición de elixible.
4. Aos efectos anteriores, a única licenza federativa válida será a expedida pola FGC. No caso de persoas electoras que cumprindo os requisitos establecidos no presente regulamento dispoñan dunha licenza federativa única, expedida por outra federación autonómica distinta da galega, deberán solicitar mediante escrito dirixido á xunta electoral, no prazo establecido neste regulamento referente ao censo electoral inicial, a súa intención de participar no proceso electoral.

### **Artigo 15. Persoas electoras e elixibles á presidencia e á comisión delegada.**

1. Poderán ser electoras á presidencia e á comisión delegada da FGC as persoas membros da asemblea xeral elixidas neste proceso electoral.



Federación Galega  
de Caza



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



2. Poderán ser elixibles á presidencia as persoas que cumpran, na data de celebración das eleccións, os seguintes requisitos:
  - a) Ser maior de idade e presentar unha candidatura avalada, como mínimo, polo 10% das persoas membros da asemblea. Non será necesario que a persoa que presente a candidatura teña nin a condición de asembleísta nin de afiliada á FGC.
  - b) Non estar inhabilitada para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución firme na vía administrativa ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitada para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.
  - c) Non ter sido condenada por delitos á facenda pública estatal ou autonómica galega nin contra a seguridade social, o que acreditará a persoa interesada mediante a presentación da correspondente declaración.
3. Poderán ser elixibles á comisión delegada as persoas físicas (deportistas, xuíces/árbitros e outros colectivos) e xurídicas (entidades deportivas) que teñan a condición de membro da asemblea xeral na data da celebración das eleccións.

## **CAPÍTULO VI**

### **ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL**

#### **Artigo 16. Proporcionalidade na composición da asemblea xeral.**

1. A representación na asemblea xeral por cada estamento queda establecida conforme ás seguintes porcentaxes:
  - a) Representantes de entidades deportivas: 65%
  - b) Representantes de persoas deportistas: 20%

Unha porcentaxe mínima do 10% das persoas representantes do estamento de deportistas deberá ser elixido por e entre quen ostente a consideración de deportista de alto nivel na data de aprobación do censo provisional. As persoas deportistas de alto nivel que non desexen ser adscritas a este cupo deberán comunicalo expresamente á xunta electoral durante o prazo de reclamacións ao censo provisional; de non facelo serán encadrados no cupo reservado a deportistas de alto nivel.

Cando o número ou a porcentaxe de deportistas de alto nivel non permita cubrir as vacantes correspondentes a este colectivo, estas serán cubertas polas restantes persoas membros do estamento de deportistas.
  - c) Representantes de xuíces/árbitros: 10%
  - d) Representantes doutros colectivos (xuventudes): 5%
2. Unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a xunta electoral no prazo máximo de *dous días hábiles* fixará o número concreto de persoas membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos neste regulamento electoral. Esta decisión da xunta electoral non é impugnabile e deberá ser notificada, no prazo de *dous días hábiles*, á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa autorización ou modificación. A resolución da Secretaría Xeral para o Deporte pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse recurso contencioso administrativo.





3. A conformación da representación do estamento de entidades deportivas seguirá o seguinte criterio:

- Se o censo definitivo de entidades deportivas é superior a 100, estarán representados neste estamento un mínimo de 50.

En calquera caso, todas as entidades deportivas deberán necesariamente cumprir os requisitos que para elas se establece neste regulamento.

#### Artigo 17. Composición da asemblea xeral.

1. O número de persoas que compoñen a asemblea xeral é de 100 coa seguinte distribución por estamentos e circunscricións electorais, sen prexuízo de que o número de persoas membros da asemblea por cada unha das circunscricións electorais poida variar en función das modificacións que sufra o censo electoral definitivo dos diferentes estamentos.

Circunscrición electoral	Estamento Entidades Deportivas (65%)	Estamento Deportistas (20%)	DGAN	Estamento Xuíces e árbitros (10%)	Estamento Outros Colectivos (xuventudes) (5%)
CORUÑA	18	7	1	5	2
LUGO	21	5		2	2
OURENSE	10	2		0	0
PONTEVEDRA	16	5		3	1
<b>TOTAL</b>	<b>65</b>	<b>19</b>	<b>1</b>	<b>10</b>	<b>5</b>

2. As persoas membros da asemblea serán elixidas mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto por e entre as persoas compoñentes de cada estamento de conformidade co número e porcentaxes de representación que se establecen neste regulamento.
3. Na asemblea xeral estarán representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na FGC: entidades deportivas, deportistas, xuíces e árbitros e outros colectivos (xuventudes).
4. A representación das entidades deportivas corresponde á persoa que figure no censo definitivo ou ben a aqueloutra que conste no certificado expedido polo rexistro de entidades deportivas de Galicia.
5. Non cabe representación das persoas físicas.
6. Ningunha persoa membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.
7. A persoa titular da presidencia da FGC será membro nato da asemblea xeral e desempeñará a súa presidencia.
8. A FGC axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

#### Artigo 18. Persoas candidatas á asemblea xeral.

1. Poderá ser candidata á asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite á xunta electoral, persoalmente ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a presentación da solicitude na sede federativa dentro do



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



GALICIA  
SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



prazo establecido no calendario electoral para a presentación de candidaturas. O prazo para a presentación de candidaturas será de *tres días hábiles* contados desde a publicación do censo definitivo.

2. Unha vez rematado o prazo anterior, a xunta electoral no *día hábil seguinte* publicará a lista provisional de candidaturas no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións, así como na páxina web na sección *procesos electorais*.
3. Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas, nun prazo de *tres días hábiles*, ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.
4. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de *tres días hábiles*, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de *sete días hábiles*.
5. Unha vez resoltos os posibles recursos se os houbera, nun prazo máximo de *dous días hábiles*, procederase á proclamación definitiva de candidatos.
6. Cando o número de persoas candidatas de calquera estamento coincida, ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir, non será necesaria a celebración de votacións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

#### **Artigo 19. Sistema de elección das persoas membros da asemblea xeral.**

O sistema de votación para participar no proceso electoral a persoas membros da asemblea xeral responderá ao sistema de listas abertas.

1. A votación a persoas membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos.
2. A votación desenvolverase sen interrupcións en horario de 16:00 a 20:30 horas. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.
3. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo.
  - No caso das persoas físicas, para a súa identificación, a persoa electora deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular).
  - No caso de persoas xurídicas, a persoa representante da entidade deportiva deberá acreditar a súa identidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular).
4. As persoas electoras poderán marcar na súa papeleta ata unha persoa candidata máis das que lles corresponde elixir ao estamento e/ou circunscrición electoral a que pertence.
5. Unha vez realizado o escrutinio do voto presencial e do voto por correo, este remitirase á xunta electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da asemblea xeral.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



6. Se unha persoa membro electa da asemblea perdera a condición pola que foi elixida, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución da seguinte forma:
  - As vacantes que se produzan na asemblea xeral antes das seguintes eleccións serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polas persoas candidatas que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois das que resultaron electas e, a falta destas, mediante a realización de eleccións parciais que serán convocadas pola presidencia no prazo máximo de 3 meses, sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% das persoas membros da asemblea.
  - As persoas elixidas para ocupar as vacantes a que se refire o apartado anterior exercerán o seu mandato polo tempo que reste para a celebración das seguintes eleccións.
7. No caso de renuncia ou vacante da metade máis un das persoas membros da asemblea xeral, constituirase unha comisión xestora conforme á composición establecida, que asumirá as funcións da asemblea xeral ata o remate do mandato electoral.

#### **Artigo 20. Voto por correo.**

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións que, cada catro anos, se convoquen para a elección das persoas membros da asemblea xeral, prevalecendo o voto presencial sobre o emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.
2. As persoas electoras poderán exercer o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:

##### **- Exercicio do voto por correo:**

- a) As solicitudes de voto por correo poderán presentarse a partir do *día seguinte* ao da convocatoria das eleccións e ata *cinco días hábiles despois* da publicación do censo definitivo. Presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte e, conforme ao modelo do anexo II do Decreto 171/2021, do 23 de decembro (código do procedemento DE200A).

A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades deportivas e outras persoas electoras que estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso das persoas xurídicas, deberá solicitar o voto por correo a persoa que apareza no censo como representante.

As persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, opcionalmente poderán presentalas nos servizos provinciais da Secretaría Xeral para o Deporte ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando igualmente o formulario



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, segundo o modelo do anexo II do Decreto 171/2021, do 23 de decembro.

b) Unha vez recibida a solicitude, a Secretaría Xeral para o Deporte comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral e enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, na súa falta, ao que figure no censo.

c) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do estamento e circunscrición a que pertenza. Este sobre introducirase dentro doutro dirixido á mesa electoral do voto por correo, achegando, no caso das persoas físicas, fotocopia do DNI (ou documento identificativo equivalente); e no caso das persoas xurídicas, fotocopia do DNI (ou documento identificativo equivalente) da persoa representante.

O sobre depositarase nunha oficina de Correos, antes do *sexto día hábil* previo á data de celebración das votacións, e deberá dirixirse ao enderezo da Secretaría Xeral para o Deporte, que custodiará a documentación ata o día da votación, debendo consignarse no seu anverso e reverso os datos que figuran no Anexo I deste regulamento.

O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará *ás vinte e catro horas* antes das votacións presenciais.

#### - **Escrutinio do voto por correo:**

a) Constituída a mesa electoral do voto por correo, nas condicións establecidas neste regulamento, a presidencia procederá ao desprecintado das sacas e a comprobar a correspondencia entre os sobres e o censo electoral. Non se admitirán os sobres e votos daquelas persoas electoras que consten no censo electoral que votaron de forma presencial.

b) Unha vez comprobado, as persoas membros da mesa procederán a abrir o sobre principal e a clasificar os sobres de votacións por estamentos e circunscricións electorais, procedendo a presidencia a introducilos na urna correspondente.

c) Unha vez finaliza a introdución dos sobres nas urnas, comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.

d) A presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada candidatura.

e) Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, estenderase a oportuna acta que asinarán todas as persoas que compoñan a mesa electoral.

f) Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola xunta electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que por calquera razón, non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida (aqueles votos en que se marquen máis nomes dos permitidos no regulamento electoral para cada estamento, ou que inclúan o nome de persoas non candidatas). No caso de conter máis dunha papeleta coa mesma candidatura marcada, computarase como un só voto



válido, para este caso se as candidaturas marcadas son diferentes computaranse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.

- g) Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta e aqueloutros que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca (papel en branco).
- h) Feito o recuento de votos segundo as operacións anteriores, quen exerza a presidencia preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formula ningunha, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, de votos válidos, nulos, en branco e número de votos obtidos por cada candidatura.
- i) Concluídas as operacións, as persoas compoñentes da mesa asinarán a acta da sesión, na que figurarán, obrigatoriamente, os seguintes datos:
- Número de persoas electoras a quen se admitiu e notificou o seu dereito a exercer o voto.
  - Número de votos emitidos.
  - Votos declarados nulos, en branco e válidos.
  - Número de votos válidos obtidos por cada candidatura.
  - Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polas persoas candidatas ou interventoras.
  - Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.
- j) As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral no que conste os electores que exerceron o seu dereito a voto por correo, serán remitidas pola secretaría da mesa á xunta electoral e á Secretaria Xeral para o Deporte antes das 16:00 horas do día *primeiro día hábil seguinte* ao da votación.
- k) As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións así como na súa páxina web na sección de *procesos electorais*, desde o *día seguinte das votacións e durante dous días hábiles*.

**- Documentación electoral.**

A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobres.

- a) O primeiro sobre conterá o expediente electoral para remitir á xunta electoral, composto polos seguintes documentos:

- Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.
- Lista do censo electoral de voto por correo.
- Lista numerada das persoas votantes e papeletas anuladas ou que fosen obxecto de algunha reclamación.

- Orixinal da acta de escrutinio.

- b) O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada para a Secretaria Xeral para o Deporte.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



Unha vez pechados os sobres, a presidencia, a secretaría e vogais asinaranos por riba das solapas que pechan os sobres e remitiranse, dentro das *vinete catro horas seguintes*, á xunta electoral e a Secretaria Xeral para o Deporte.

#### **Artigo 21. Proclamación dos membros da asemblea xeral.**

1. Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo, este remitirase á xunta electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da asemblea xeral. En caso de empate entre dúas ou máis candidaturas este resolverase a favor daquela que conte cun maior número de anos de afiliación á FGC.
2. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola xunta electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de *tres días hábiles* que deberá resolver nun prazo de *sete días hábiles*.
3. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos estes recursos administrativos, a proclamación de candidaturas electas elevarase a definitiva.

#### **Artigo 22. Constitución da asemblea xeral.**

1. As persoas electas como membros da asemblea xeral, no prazo de *tres días hábiles* desde a súa proclamación definitiva, tomarán posesión do seu cargo antes da sesión constitutiva da asemblea que se desenvolverá na data e lugar que determine o calendario electoral.

A toma de posesión formalizarase mediante escrito presentado, ante a xunta electoral, pola persoa elixida aceptando o cargo, no prazo anteriormente fixado. Entre a data de proclamación definitiva das persoas asembleístas e a data da sesión constitutiva da asemblea para a elección da presidencia e da comisión delegada da FGC deberá transcorrer, como mínimo, un prazo de *dez días hábiles*.

2. A sesión constitutiva da asemblea xeral será presidida pola mesa que se constituía conforme ao disposto neste regulamento.

## **CAPÍTULO VII ELECCIÓNS Á PRESIDENCIA E Á COMISIÓN DELEGADA DA FGC**

#### **Artigo 23. Persoas candidatas á presidencia da FGC.**

1. Poderán presentar candidatura á presidencia da FGC aquelas persoas que reúnan os requisitos establecidos no presente regulamento.
2. O prazo para a presentación de candidaturas *será de cinco días hábiles* contados desde a proclamación definitiva das persoas membros da asemblea. A presentación de candidaturas farase na sede central da FGC, en Santiago de Compostela, mediante escrito dirixido á xunta electoral, persoalmente ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a presentación da solicitude na sede federativa dentro do prazo establecido no calendario electoral para a presentación de candidaturas a presidente, debendo ir avalada polo 10% das persoas membros da asemblea xeral. Unha mesma persoa poderá avalar cantas candidaturas considere oportunas.
3. Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas, e trala comprobación de toda a documentación, a xunta electoral no *día seguinte hábil* proclamará a lista provisional de



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



persoas candidatas e faráa pública no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións así como na páxina web na sección de *procesos electorais*.

4. Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de candidaturas, nun prazo de *tres días hábiles*, ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.
5. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de *tres días hábiles*, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que resolverá no prazo de *sete días hábiles*.
6. A proclamación definitiva de persoas candidatas á presidencia efectuarase no *seguinte día hábil*, contado desde a resolución do recurso anterior.
7. A persoa que resulte elixida como presidente ou presidenta non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa e non se poderá simultanear a presidencia dunha entidade deportiva coa presidencia da federación deportiva na que se integre a dita entidade deportiva.
8. Se algunha persoa membro da comisión xestora presenta a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.

#### **Artigo 24. Persoas candidatas á comisión delegada.**

1. A comisión delegada estará integrada por nove (9) persoas mailo presidente ou presidenta da FGC, que pertence á mesma como membro nato, na seguinte proporción:
  - Un terzo da comisión delegada corresponderá ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre as persoas membros deste estamento (tres membros).
  - Un terzo corresponderá aos demais estamentos (tres membros), en proporción á súa respectiva representación na asemblea xeral, elixíndose esta representación por e de entre as persoas membros deses estamentos.
  - Un terzo será designado pola persoa titular da presidencia da FGC (tres membros).
2. Poderán ser persoas candidatas á comisión delegada aquelas persoas membros da asemblea xeral que así o soliciten mediante escrito dirixido á xunta electoral, no que farán constar a súa condición de asembleístas e manifestarán expresamente a súa vontade de presentar a candidatura á comisión delegada, especificando o estamento polo que se presentan.
3. O prazo para a presentación de candidaturas *será de cinco días hábiles*, contados desde a proclamación definitiva das persoas membros da asemblea. A presentación de candidaturas farase na sede central da FGC, en Santiago de Compostela, mediante escrito dirixido á xunta electoral, persoalmente ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a presentación da solicitude na sede federativa dentro do prazo establecido no calendario electoral para a presentación de candidaturas á comisión delegada.
4. Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas, e trala comprobación de toda a documentación, a xunta electoral no *día seguinte hábil* proclamará a lista provisional de persoas candidatas e faráa pública no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións así como na páxina web na sección de *procesos electorais*.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



5. Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de candidaturas á comisión delegada, nun prazo de *tres días hábiles*, ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.
6. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de *tres días hábiles*, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que resolverá no prazo de *sete días hábiles*.
7. A proclamación definitiva de persoas candidatas á comisión delegada efectuarase no *seguinte día hábil*, contado desde a resolución do recurso anterior.



### **Artigo 25. Elección da presidencia.**

1. No día e hora fixados no calendario electoral, constituirase a asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección da presidencia e da comisión delegada.
2. A presidencia da FGC elixirase mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.
3. O voto das persoas membros da asemblea xeral será único, non admitíndose o voto por correo nin a delegación de voto.
4. Comezada a sesión, unha vez constituída a mesa electoral, a presidencia da mesa presentará ás persoas candidatas á presidencia da FGC, que poderán expor os seus programas, iniciándose, de seguido, o proceso de votación.
5. Na primeira votación son elixibles todas as persoas candidatas da listaxe definitiva.

Aquelas que obteñan un mínimo do 10% dos votos das persoas asembleístas presentes pasarán á seguinte votación.

No suposto de que ningunha das candidaturas acadase o 10% dos votos das persoas asembleístas presentes pasarán á seguinte votación aquelas dúas candidaturas que contengan un maior número de votos.

No suposto de que soamente sexa unha candidatura a que obteña o 10% dos votos das persoas membros da asemblea presentes, pasará tamén á seguinte votación a seguinte ou seguintes, en caso de empate, candidaturas en número de votos.

De acadarse por algunha das candidaturas a maioría absoluta dos votos na primeira votación, esta será proclamada presidente ou presidenta da FGC.

6. Na segunda votación será elixida presidenta da FGC a candidatura que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
7. No caso de que na votación anterior ningunha candidatura obteña a maioría absoluta dos votos emitidos, procederase a unha terceira e nova votación entre as dúas candidaturas máis votadas na segunda votación, resultando elixida a que obteña maioría de votos emitidos.

En caso de empate, na terceira votación, resolverase a favor da candidatura que obtivera maior número de votos na segunda votación e, de persistir o empate, a favor da candidatura que obtivera maior número de votos na primeira votación e, no caso de persistir o empate, a favor da persoa candidata de maior idade.





Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



GALICIA  
SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



8. Rematada a elección, a secretaría da mesa levantará a acta correspondente, que se exporá ao *día seguinte* no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións así como na súa páxina web na sección de *procesos electorais*, xunto coa resolución da xunta electoral da proclamación provisional da persoa elixida.

Contra a resolución da xunta electoral caberá interpoñer, no prazo de *tres días hábiles*, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que resolverá no prazo de *sete días hábiles*.

9. Finalizado o prazo de reclamacións, recursos e da súa resolución, a xunta electoral procederá á proclamación definitiva da persoa que ostentará a presidencia da FGC.
10. Ao día seguinte da proclamación definitiva da presidencia da FGC, procederáse á toma de posesión do cargo, de cuxo acto levantará acta a secretaría da xunta electoral. Unha copia desta acta será remitida á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de *dous días hábiles*.
11. No caso de presentarse unha soa candidatura, que reúna todos os requisitos establecidos no presente regulamento, non se efectuará votación.
12. Se non se presentase ningunha candidatura, ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora realizará unha nova convocatoria da asemblea xeral nun prazo de *catorce días hábiles*.

#### **Artigo 26. Elección das persoas membros da comisión delegada.**

1. A comisión delegada elixirase por e entre as persoas asembleístas, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, podendo substituírse anualmente, polo mesmo procedemento, as vacantes que se produzan.

O voto por correo non poderá utilizarse en ningún caso para a elección das persoas membros da comisión delegada.

2. As votacións para a elección das persoas que corresponda elixir da comisión delegada, conforme ao previsto neste regulamento, realizarase na mesma asemblea das votacións á presidencia, e despois da elección desta.
3. Se no prazo establecido para presentar candidaturas se presentase un número igual aos postos a elixir, entenderanse automaticamente elixidos sen votación.
4. No caso de que o número de candidaturas fora inferior ao número de persoas a elixir, poderán presentarse no acto da asemblea de votacións para cubrir as vacantes outras candidaturas que serán sometidas a votación entre os membros da asemblea. No caso de empate procederase a unha segunda votación entre as candidaturas empatadas, e de persistir o empate resolverase por sorteo.
5. O mandato da comisión delegada coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida pola persoa que ostente a presidencia da FGC como membro nato da mesma, e actuará como secretario ou secretaria a persoa que ocupe a secretaría da federación.



Federación Galega  
de Caza



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



## CAPÍTULO VIII XORNADA ELECTORAL

### **Artigo 27. Constitución das mesas electorais.**

1. As persoas designadas como membros da mesa electoral, e as súas suplentes, para a elección da asemblea xeral, así como as da mesa electoral para a elección da presidencia e da comisión delegada, reuniranse o día das votacións unha hora antes da apertura do colexio electoral e procederán á constitución da respectiva mesa.
2. Se a presidencia ou vogais non acoden serán substituídas polas persoas suplentes.
3. En ningún caso se poderá constituír a mesa electoral sen a presenza das persoas que ocupan a presidencia e a secretaría da mesma.
4. No caso de ausencia das persoas que ocupen a presidencia e a secretaría, as persoas membros da mesa presentes e as suplentes que acudan redactarán e asinarán unha declaración dos feitos acontecidos, e asumirán as funcións da presidencia e/ou secretaría, completando a mesa, total ou parcialmente, no seu caso, coas persoas electoras que estean presentes no local.
5. Transcorrida media hora desde a constitución da mesa electoral, a persoa que exerza a secretaría redactará a acta de constitución, que será asinada pola presidencia e vogais.
6. Cada membro da mesa electoral deberá dispoñer dun censo electoral definitivo dos electores da súa mesa, separado por estamento.

### **Artigo 28. Votacións.**

1. Constituída a mesa electoral, na hora prevista a presidencia da mesa electoral anunciará publicamente o inicio das votacións.
2. Unha vez iniciado o acto de votación non se poderá suspender, agás por causa de forza maior e sempre baixo a responsabilidade da presidencia da mesa electoral. No caso de suspensión, levantarase a correspondente acta, que será remitida no prazo das *vindecatro horas seguintes* á xunta electoral, a fin de que se sinale a data na que se repetirá o acto de votación.
3. O dereito a votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo.
  - No caso das persoas físicas, para a súa identificación, a persoa electora deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular).
  - No caso de persoas xurídicas (sociedades, clubs e outras asociacións) a persoa representante da entidade deportiva deberá acreditar a súa identidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular).
4. A secretaría da mesa electoral anotará as persoas que voten, indicando o número co que figuran no censo, o seu número de DNI (pasaporte ou carné de conducir) e o nome da persoa que exerza o seu dereito a voto en representación dunha persoa xurídica.



Federación Galega  
de Caza

XUNTA  
DE GALICIA

DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



5. O voto será secreto, as persoas electoras depositarán o seu voto na urna correspondente mediante unha papeleta introducida nun sobre.
6. A presidencia da mesa electoral será a encargada de velar para que a entrada ao local das votacións sexa libre, de manter a orde nel durante a votación e escrutinio e de asegurar a liberdade das persoas electoras no colexio electoral.
7. A presidencia da mesa electoral, logo de consultar co resto das persoas compoñentes da mesa, poderá expulsar do colexio electoral a calquera persoa que interfira na boa marcha das votacións.
8. Rematado o horario sinalado para a votación, a presidencia da mesa electoral anunciará que vai rematar e preguntará se algunha das persoas electoras presentes non votou, admitíndose os votos que se dean a continuación pero non se permitirá a ninguén máis a entrada no local.
9. Acto seguido, votarán as persoas membros da mesa, sempre que teñan dereito, e declararase pechada a votación.
10. No caso de rematar o exercicio do voto da totalidade das persoas electoras que figuren no censo antes do horario previsto, a presidencia da mesa electoral dará por finalizada a xornada electoral e procederase ao escrutinio de votos.

#### **Artigo 29. Escrutinio.**

1. Rematada a votación, comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.
2. A presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada persoa candidata.
3. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, estenderase a oportuna acta asinada por todos os compoñentes da mesa electoral.
4. Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola xunta electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que por calquera razón non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida (aqueles votos nos que se marquen máis nomes dos permitidos no regulamento electoral para cada estamento ou que inclúan o nome de persoas non candidatas).

No caso de que un sobre conteña máis dunha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, pero se as candidaturas marcadas son diferentes computarase como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.

5. Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta e aqúellos outros que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca (papel en branco).
6. Feito o recuento de votos segundo as operacións anteriores, quen exerza a presidencia preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formula ningunha, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, de votos válidos, nulos, votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



7. Concluído o reconto, os membros da mesa asinarán a acta da sesión, na que figurarán, obrigatoriamente, os seguintes datos:
  - a) Número de persoas electoras inscritas no censo.
  - b) Número de votos emitidos.
  - c) Número de votos declarados nulos, en branco e válidos.
  - d) Número de votos válidos obtidos por cada candidatura.
  - e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polas persoas candidatas ou interventoras.
  - f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.
  
8. As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral no que consten as persoas electoras que exerceron o seu dereito a voto serán remitidas pola secretaria da mesa á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte antes das 16:00 horas do *primeiro día hábil* seguinte ao da votación.
  
9. As actas de escrutinio expóranse no taboleiro de anuncios da FGC e das súas delegacións así como na súa páxina web na sección de *procesos electorais*, desde o *día seguinte* das votacións e durante *dous días hábiles*.



### **Artigo 30. Documentación electoral.**

A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobres.

1. O primeiro sobre conterá o expediente electoral para remitir á xunta electoral, composto polos seguintes documentos:
  - a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.
  - b) Lista do censo electoral.
  - c) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas anuladas ou que fosen obxecto dalgunha reclamación.
  - d) Orixinal da acta de escrutinio.
  
2. O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada para a Secretaría Xeral para o Deporte.

Unha vez pechados os sobres, a presidencia, secretaria e vogais da mesa asinaranos por riba das solapas e remitiranos, dentro das *vinete catro horas seguintes*, á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte.

## **CAPÍTULO IX** **MOCIÓN DE CENSURA**

### **Artigo 31. Moción de censura.**

A presentación dunha moción de censura contra a presidencia da FGC axustarase aos seguintes criterios:



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



GALICIA  
SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



- a) Non poderá presentarse durante os seis primeiros meses de mandato, nin cando resten entre seis meses e un ano ata a data a partires da cal poida realizarse a convocatoria de eleccións, circunstancia a determinar polas normas da federación.
- b) A moción de censura deberá ser proposta e presentada, polo menos, pola terceira parte das persoas membros da asemblea xeral, e incluírá necesariamente unha persoa candidata á presidencia da FGC.
- c) A presentación da moción de censura dirixirase á xunta electoral da FGC que deberá resolver o que proceda no prazo de *dous días hábiles*.
- d) Cando se acorde a admisión a trámite da moción de censura, a presidencia da FGC deberá convocar a asemblea xeral nun prazo non superior a *corenta e oito horas*, a contar desde que lle sexa notificada a admisión. A asemblea xeral que debata sobre a moción de censura deberá celebrarse nun prazo non inferior a *quinze días nin superior a trinta*, a contar desde que fora convocada.
- e) Unha vez convocada a asemblea extraordinaria para o debate e votación da moción de censura, e dentro dos *dez primeiros días seguintes* a esa convocatoria, poderán presentarse mocións alternativas. En ningún caso a moción de censura alternativa poderá ser suscrita por quen promovera a inicial.
- f) A votación, que deberá ser secreta, seguirá o mesmo sistema que o previsto para a elección da presidencia. Para que a moción de censura prospere e cese de forma automática a persoa que ocupa a presidencia, requirirase que, sometida a votación, sexa aprobada pola maioría absoluta dos membros da asemblea xeral.
- Se a moción fora aprobada, a persoa candidata que resulte elixida permanecerá no cargo polo tempo que reste ata a finalización do período de mandato da anterior presidencia.
- g) Se a moción fora rexeitada pola asemblea xeral, as persoas asinantes non poderán presentar outra ata transcorrido un ano, a contar desde o día da súa votación e rexeitamento.
- h) Informarase a través da páxina web da FGC da presentación da moción de censura e da data da convocatoria da asemblea xeral, así como do resultado.
- i) As decisións que adopten os órganos da FGC en relación coa presentación, admisión, tramitación e votación da moción de censura, ou mocións alternativas, poderán recorrerse ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de *cinco días hábiles*.



## CAPÍTULO X

### RÉXIME DE RECLAMACIÓNS E RECURSOS

#### **Artigo 32. Reclamacións ante a xunta electoral.**

1. O coñecemento de todas as reclamacións que se poidan formular en materia electoral corresponde á xunta electoral, e serán todas as súas resolucións impugnables ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
2. Están lexitimados para interpoñer estas reclamacións as persoas representantes das candidaturas e as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



GALICIA  
SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"




3. As reclamacións ante a xunta electoral serán presentadas, persoalmente, en calquera das sedes da FGC que se citan no *Anexo III* deste regulamento, ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a presentación do escrito na sede federativa dentro do prazo previsto no calendario electoral, mediante escrito dirixido á presidencia da xunta electoral, debendo constar na reclamación o enderezo de correo electrónico a efectos de notificación da resolución.
4. Os prazos para a presentación dos recursos, serán os previstos no presente regulamento e no calendario electoral.



### **Artigo 33. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.**

De acordo co disposto no artigo 88 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, correspóndelle ao Comité Galego de Xustiza Deportiva o coñecemento e a resolución dos recursos que neste proceso electoral adopte a FGC, podendo adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a legalidade do proceso electoral.

1. Contra os acordos e resolucións da xunta electoral procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.
2. Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a xunta electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.
3. Os prazos de interposición do recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva será de *tres días hábiles* contados dende o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, se fora o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada.
4. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:
  - a) O nome, DNI ou NIF, domicilio e enderezo electrónico da persoa física ou denominación, CIF, enderezo social e electrónico da persoa xurídica.
  - b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
  - c) A lexitimación para interpoñer o recurso.
  - d) O acto contra o que se recorre e a razón da súa impugnación.
  - e) As consideracións de feito e de dereito en que se baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
  - f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.
  - g) Lugar, data e sinatura.
5. O Comité Galego de Xustiza Deportiva será competente para coñecer, en última instancia administrativa, dos recursos interpostos contra:
  - a) O acordo de convocatoria das eleccións, así como contra o calendario electoral e fronte a composición da xunta electoral.
  - b) As resolucións que se adopten en relación co censo electoral provisional e definitivo.





Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



- c) As resolucións adoptadas durante o proceso electoral pola comisión xestora e a xunta electoral da FGC en relación co proceso electoral e as restantes cuestións previstas na norma que regula este proceso electoral.

**Artigo 34. Interposición dos recursos.**

Os recursos dirixidos ao Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán presentarse nos órganos federativos ou na xunta electoral que, no seu caso, adoptaran as actuacións, acordos ou resolucións que se pretenden impugnar. A xunta electoral remitirá no *día seguinte* á súa presentación, por correo electrónico ao enderezo [eleccionfederacions2022.deporte@xunta.gal](mailto:eleccionfederacions2022.deporte@xunta.gal) o recurso co expediente completo e o seu informe. Transcorrido o prazo correspondente sen que se interpuxera o recurso, os acordos ou resolucións serán firmes.



**Artigo 35. Tramitación dos recursos.**

Á tramitación dos recursos atribuídos ao coñecemento do Comité Galego de Xustiza Deportiva aplicaráselle a lexislación sobre procedemento administrativo común e o Decreto 120/2013, do 24 de xullo polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, agás os prazos dos distintos trámites, que se axustarán ao disposto no Decreto 16/2018 modificado polo Decreto 171/2021 e aos acordos do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

**Disposición final.**

Naquilo que non estea establecido no presente Regulamento Electoral estarase ao disposto no Decreto 16/2018 modificado polo Decreto 171/2021, aos Estatutos da FGC e á Lei 3/2012, do deporte de Galicia.

O presente Regulamento foi aprobado pola asemblea xeral extraordinaria da Federación Galega de Caza, celebrada en Santiago de Compostela o 20 de maio de 2022, e modificado a requirimento da Secretaría Xeral para o Deporte do 13-6-22 polo presidente da FGC, facultado para este fin pola asemblea do 20-5-22

O PRESIDENTE,

Asdo.: Javier Nogueira Diz

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: José Moure Caneda





Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



## Anexo I (Modelo de sobres e papeletas)

### A) PAPELETAS E SOBRES DE VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES DA ASEMBLEA XERAL:

**Papeleta de votación.** A persoa electora poderá marcar na súa papeleta ata unha persoa candidata máis das que lles corresponde elixir ao estamento e/ou circunscrición electoral á que pertence.

**ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL**  
Federación Galega de Caza

---

**ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS**

**CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL .....**

**VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DA FGC**

ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS  
CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL DE \_\_\_\_\_

**Dou o meu voto ás seguintes candidaturas:**  
(rísque con x as candidaturas que vota)

- 1. \_\_\_\_\_
- 2. \_\_\_\_\_
- 3. \_\_\_\_\_
- 4. \_\_\_\_\_
- 5. \_\_\_\_\_
- 6. \_\_\_\_\_
- 7. \_\_\_\_\_
- 8. \_\_\_\_\_
- 9. \_\_\_\_\_
- 10. \_\_\_\_\_
- 11. \_\_\_\_\_
- 12. \_\_\_\_\_
- 13. \_\_\_\_\_
- 14. \_\_\_\_\_
- 15. \_\_\_\_\_
- 16. \_\_\_\_\_
- 17. \_\_\_\_\_
- 18. \_\_\_\_\_
- 19. \_\_\_\_\_
- 20. \_\_\_\_\_
- 21. \_\_\_\_\_

Poderase marcar unha persoa máis das que corresponda elixir ao estamento e circunscrición electoral.

**ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL**  
Federación Galega de Caza

---

**ESTAMENTO DE DEPORTISTAS**

**CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL .....**

**VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DA FGC**

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS  
CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL DE \_\_\_\_\_

**Dou o meu voto ás seguintes candidaturas:**  
(rísque con x as candidaturas que vota)

- 1. \_\_\_\_\_
- 2. \_\_\_\_\_
- 3. \_\_\_\_\_
- 4. \_\_\_\_\_
- 5. \_\_\_\_\_
- 6. \_\_\_\_\_
- 7. \_\_\_\_\_

Poderase marcar unha persoa máis das que corresponda elixir ao estamento e circunscrición electoral.





Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



**ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL**  
**Federación Galega de Caza**

**ESTAMENTO DE XUÍCES E ÁRBITROS**

**CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL .....**

**VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DA FGC**

ESTAMENTO DE XUÍCES E ÁRBITROS  
CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL DE .....

**Dou o meu voto ás seguintes candidaturas:**  
(risque con x as candidaturas que vota)

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

3. \_\_\_\_\_

4. \_\_\_\_\_

5. \_\_\_\_\_

Poderase marcar unha persoa máis das que corresponda elixir ao estamento e circunscrpción electoral.

**ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL**  
**Federación Galega de Caza**

**ESTAMENTO DE OUTROS COLECTIVOS**

**CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL .....**

**VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DA FGC**

ESTAMENTO DE OUTROS COLECTIVOS  
CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL DE .....

**Dou o meu voto ás seguintes candidaturas:**  
(risque con x as candidaturas que vota)

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

Poderase marcar unha persoa máis das que corresponda elixir ao estamento e circunscrpción electoral.

## B) SOBRE PARA A REMISIÓN DO VOTO POR CORREO A MEMBROS DA ASEMBLEA:

O sobre para a remisión do voto por correo deberá conter os seguintes datos:

- **NO ANVERSO (ou parte dianteira), deberán constar todos os datos que se sinalan no seguinte modelo:**


**"ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA"**  
**SOBRE DE REMISIÓN DO VOTO POR CORREO**

CERTIFICADO,  
Empregado/a de Correos:  
Valide a identidade da persoa electora por medio de DNI, pasaporte  
Ou outro documento acreditativo da identidade.

Inclúase no presente sobre:

- Sobre de votación pechado
- Certificado oficial autorizando o voto por correo, previa estimación do selo de datas.

Estámpese aquí o selo de datas,



**FRANQUEO PAGADO**  
Número cliente: 81024374  
Número contrato: 15000238

**SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE**  
**APARTADO DE CORREOS 2212**  
**Código Postal 15.704**  
**Santiago de Compostela, Sucursal 2**



Federación Galega de Caza



XUNTA DE GALICIA



DEPORTE GALEGO



GALICIA SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza"



- **NO REVERSO (ou parte traseira), deberán constar os datos que se sinalan no seguinte modelo:**

Nome / ou nome do club (segundo proceda) \_\_\_\_\_


Apelidos / código de inscrición no rexistro da SXD \_\_\_\_\_

Estamento de \_\_\_\_\_


Circunscrición electoral \_\_\_\_\_

Especialidade (no seu caso) \_\_\_\_\_

Deportista de alto nivel (no seu caso) \_\_\_\_\_



### C) PAPELETAS E SOBRES DE VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DA PRESIDENCIA:



**VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DA PRESIDENCIA DA FGC**

**Dou o meu voto á seguinte candidatura:**  
(risque con x a candidatura que vota, máximo 1)

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

3. \_\_\_\_\_

4. \_\_\_\_\_

5. \_\_\_\_\_





**D) PAPELETAS E SOBRES DE VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA:**

**ELECCIÓNS Á COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA**

Estamento de Entidades Deportivas

**VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FGC**

**Dou o meu voto ás seguintes candidaturas:**  
(risque con x as candidaturas que vota, máximo 3)

**ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS**

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

3. \_\_\_\_\_

4. \_\_\_\_\_

5. \_\_\_\_\_



**ELECCIÓNS Á COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA**

Estamento de Deportistas

**VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FGC**

**Dou o meu voto á seguinte candidatura:**  
(risque con x as candidaturas que vota, máximo 1)

**ESTAMENTO DE DEPORTISTAS**

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

3. \_\_\_\_\_

**ELECCIÓNS Á COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA**

Estamento de Xuíces e Árbitros

**VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FGC**

**Dou o meu voto á seguinte candidatura:**  
(risque con x as candidaturas que vota, máximo 1)

**ESTAMENTO DE XUÍCES E ÁRBITROS**

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

3. \_\_\_\_\_

**ELECCIÓNS Á COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA**

Estamento Outros Colectivos

**VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FGC**

**Dou o meu voto á seguinte candidatura:**  
(risque con x as candidaturas que vota, máximo 1)

**ESTAMENTO DE OUTROS COLECTIVOS**

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

3. \_\_\_\_\_





Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



GALICIA  
SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



## Anexo II (FORMULARIO DE SOLICITUDE DE VOTO POR CORRESPONDENCIA)

O formulario para a solicitude do voto por correspondencia consta como Anexo II no DECRETO 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas (DOG nº 249 do 29 de decembro de 2021, páxinas 64470-64471).

[Prema aquí para descargalo](#)





Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



## Anexo III (Sedes electorais e horarios de atención ao público)

### SEDE CENTRAL: SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estadio Verónica Boquete de San Lázaro, porta 12 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tlfno. 981-562777

E-mail: xuntaelectoral@federaciongalegadedecaza.com

#### Horario de atención ao público:

De 1 de xuño a 30 de setembro: De luns a venres de 9.00h a 15.00h

De 1 de outubro a 31 de maio: De luns a xoves de 9.00h a 14,30h e de 16,30h a 19,00h  
Venres: de 9.00h a 15.00h



### SEDE FGC CORUÑA: CARBALLO (A Coruña)

Rúa Vila de Caión, 27 Baixo 2A – 15100 CARBALLO

Tlfno. 981-702957

#### Horario:

De 1 de xuño a 15 de setembro: De luns a venres de 8.00h a 15.00h

De 16 setembro a 31 de maio: De luns a xoves de 9.30h a 13.30h e de 16.00h a 20.00h  
Venres: de 8.00h a 15.00h

### SEDE FGC LUGO: LUGO

Rúa San Roque 55, Entrechán Esquerda – 27002 LUGO

Tlfno. 982-254996

#### Horario:

De luns a xoves de 9.00h a 13.00h e de 16.00 a 20.00h.

Venres de 9.00h a 13.00h e de 16.00 a 19.00h.

### SEDE FGC OURENSE: OURENSE

Estadio de O Couto, rúa Carlos Maside s/n – 32002 OURENSE

Tlfno. 988-221620

#### Horario:

De 1 de xuño a 30 de setembro: De luns a venres de 9,30 a 14 horas

De 1 outubro a 31 de maio: De luns a xoves de 9.00h a 13.45h e de 16.00h a 19.00h  
Venres de 9.00h a 14.00h

### SEDE FGC PONTEVEDRA: PONTEVEDRA

Rúa Lepanto 1, 1º J – 36001 PONTEVEDRA

Tlfno. 986-852300

#### Horario:

De 1 de xuño a 30 de setembro: De luns a venres de 9 a 15 horas

De 1 outubro a 31 de maio: De luns a xoves de 8.00h a 17.30h.  
Venres de 8.00h a 15.00h.

Os sábados, domingos e festivos de carácter nacional, autonómico ou local son inhábiles.